




CIR

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE RUTAS **MONTE PINDO E FERVENZA DO ÉZARO**





O **CIR** é un espazo divulgativo para o coñecemento do Monte Pindo e da Fervenza do Ézaro; está deseñado para ofertar unha experiencia onde a emoción xoga un papel fundamental para descubrir e respectar este espazo natural único.

No CIR atoparás toda a información relativa ás rutas, á historia, ás lendas, á flora, á fauna, etc... ademais pódese acceder de forma virtual a todos os contidos do centro a través de **códigos QR**.

Esta pequena guía é unha breve lembranza da importancia deste ben natural, un achegamento ao interior do **Monte Pindo e á Fervenza do Ézaro**; unha visión do conxunto para gozar e compartir.



> INDICE

CENTRO DE INTERPRETACIÓN
DE RUTAS MONTE PINDO
E FERVENZA DO ÉZARO

- 7** → **A Fervenza**
- 9** . Os nomes dun río
- 11** . Fervenza do Ézaro
- 13** . Pobos Invasores
- 15** . Un río de lendaa

- 17** → **Monte Pindo**
- 19** . Orixe
- 23** . Formacións rochosas
- 27** . Historia
- 29** . Guerra Civil
- 31** . Lendas

- 33** → **Flora e Fauna**
- 35** . Flora
- 37** . Fauna

- 45** → **Rutas**



fervenza fervenza fervenza fervenza fe



fervenza

fervenza

> OS NOMES DUN RÍO

Ézaro < *Aisaros.

A raíz hidronímica de Ézaro é *Ais-, coa súa alternancia *eis-/ois-/*is. Etimoloxicamente esta palabra é indoeuropea e significa: “moverse con violencia, mover con ímpeto, con rapidez” e fai alusión a augas rápidas ou en caída. Esta raíz e as súas variantes forman numerosos hidrónimos co sufixo -aro; Ézaro < *Ais-aros, e ten o seu paralelismo no Αἰσαρος da Magna Grecia.

Xallas < *Sal.

O termo Xallas e as súas alternancias (recollidas na documentación medieval), deron nome a varias entidades físicas nun ámbito xeográfico moi reducido; dende o nome dunha vila medieval ata o coto de xurisdición eclesiástica. Foi posteriormente, no s.XX, cando se pasou a chamar ao río Ézaro; polo que semella que etimoloxicamente estamos ante un topónimo que pasou a converterse nun hidrotopónimo. A raíz deste nome podería ser a hidronímica *sal-, que significa “auga corrente, regato”, que con sufixos forma nomes de ríos.

De Ézaro a Xallas.

Até mediados do s.XIX o río Xallas e a súa Fervenza coñecíanse como río Ézaro ou Lézar; así constátase nas fontes cartográficas da época. A primeira referencia cartográfica coa denominación Ézaro xorde na Descrición do Reyno de Galizia (ano 1598).

O termo Xallas, xorde por primeira vez nun mapa de 1815 para a totalidade do curso do río. Este mapa ten un obxectivo principal que é a súa utilidade militar: sinalar os lugares de Galicia onde se poden atopar depósitos e víveres para a tropa nos anos da Guerra da Independencia. No primeiro terzo do S.XIX conviven ámbolos dous termos, como se recolle no mapa do Arcebispado de Santiago de Compostela realizado no 1825, no que divide claramente as dúas partes do curso do río: Ézaro para o tramo inferior e Río Xallas para o superior.

Dende mediados do século XIX predomina o emprego dos termos Xallas ou Jallas. Este cambio tivo lugar durante o tránsito do Antigo Réxime ao Estado Liberal, especialmente co fin da Primeira Guerra Carlista; na Vitoria é o momento no que ten lugar o afianzamento do novo réxime liberal, e con el o desenvolvemento das novas unidades administrativas cun carácter máis progresista e centralizador. No s.XX queda establecido definitivamente o uso do termo Xallas para a totalidade do río.



Mapa de Galicia "GALLAECIA REGNUM". Ano 1611

> FERVENZA DO ÉZARO

Relevo.

Localización xeográfica: 42° 54 minutos 45" N, 9° 7' 0" W

A Fervenza do Ézaro é o termo do profundo canón fluvial que forma o río Xallas na súa desembocadura, encravado entre os antigos relevos hercinianos do Monte Pindo, presentando pendentes case verticais e unha gran variedade de formas graníticas, resultado de procesos erosivos. O río Xallas discorre no seu último tramo sobre xistos relativamente brandos, manténdose a unha altitude de 300m e a uns 200m da súa desembocadura encaixa formando distintos saltos, até formar a Fervenza do Ézaro e unha profunda marmita ou alvéolo de alteración. Conformando o único exemplo de desembocadura fluvial deste tipo en Europa.

Espectáculo de altura.

O río Xallas empapa e determina todo o carácter do Concello de Dumbría. Atravésao de norte a sur até desembocar na súa máxima expresión en forma de fervenza directamente sobre o Océano Atlántico.


Antes de converterse en fervenza é retido por catro encoros: A Fervenza, Ponte Oliveira, Castrelo e Santa Uxía; estes lugares son recomendados pola súa beleza paisaxística, así como pola súa abundante flora e fauna autóctonas. Destacando especialmente as chamadas Pías ou Caldeiras, que son cavidades naturais construídas ao longo dos séculos polo río e bañadas por transparentes augas de cor turquesa. No último tramo o río ten un desnivel de 155 metros e altura da fervenza é de 40 metros.

Patrimonio Natural.

A unidade formada pola Fervenza e o estuario en frecha do Ézaro (agás o borde costeiro) está incluída no LIC Carnota-Monte Pindo. A súa vexetación e fauna son recoñecidas coa protección de Lugar de Interese Comunitario (LIC) da Rede Natura 2000 e a súa correspondente figura na rede de espazos naturais protexidos de Galicia como zona de especial protección dos valores naturais.

Punto de interese xeolóxico.

A singularidade excepcional das formacións xeomorfolóxicas que inclúe a gorxa do Xallas, co seu salto en fervenza directamente ao Océano Atlántico e o estuario do Ézaro, conservan unha interese xeomorfolóxica excepcional e está considerado Punto de Interese Xeolóxico (PIX C-115) de importancia nacional.





> POBOS INVASORES

VIQUINGOS NO ÉZARO.

No seu libro “Viaxe á Costa da Morte”, César Antonio Molina fai referencia á existencia dun estaleiro, situado no estuario do Ézaro, onde os invasores viquingos construían e arranxaban as súas naves.

“No porto natural de Quilmas, na Alta Idade Media, detíanse as naves normandas para seren arranxadas e carenadas, tamén para faceren incursións polo interior, o mesmo que os viquingos, os árabes e os turcos, inclusive se pensa que no estuario do Río Xallas, ao desembocar no Ézaro, chegou a existir un pequeno estaleiro onde os invasores construían as naves co apoio da xente forte do lugar.”

OS SARRACENOS.

Na “Historia Compostela” (crónica do século XII) recóllense noticias relativas aos ataques dos almorávides ás zonas costeiras de Gallaecia, entre as que se atopa citada a rexión á que pertenceu a enseada do Ézaro naquel intre, Nemancos:

“Por estes tempos os sarracenos, hispalenses, saltenses, castelenses, silvenses e demais que viven nas costas dende Sevilla ata Coimbra, tiñan o costume de construír grandes naves e vindo embarcados na frota con xente armada, arrasaban e despoboaban as costas marítimas dende Coimbra até os Pireneos, a saber: ...Postmarcos, Entines, Nemancos, Soneira... Principalmente devastaban o litoral próximo a Santiago..., fixaban alí o seu asentamento e preparábanse eles e ás súas naves do traballo da viaxe”.

> UN RÍO DE LENDA

A miúdo as lendas fórxanse en lugares onde a natureza impresiona pola súa beleza salvaxe, o misterio e a maxia flotan no ambiente suspendidas en infinitas gotas dunha néboa líquida... Eses lugares invaden a alma e o home sente a necesidade de contar historias... A Fervenza é un deses lugares increíbles, repleto de lendarias historias; desamores de princesas, poderes sobrenaturais, encantamentos, ritos...

O MEDALLÓN.

A finais do século XIX, nunhas escavacións realizadas preto da Fervenza do Ézaro, atopouse un medallón de cobre cunha representación en relevo de 7 aves. Este achado aparece descrito por primeira vez no libro *Antigüidades de Galicia* de Barros Silvelo publicado na Coruña no 1875 e orixinou unha interesante polémica aínda non aclarada. Unha das interpretacións, a do etnólogo Lehmann- Nitsche, afirma que no medallón do Ézaro as figuras das aves son unha representación das Pléiades; que en numerosos países europeos coñécense comunmente como "a galiña cos poliños".

O TESOURO.

Na Fervenza do Ézaro, no transcourir dos tempos, as mans da auga gravaron na rocha un escuro pozo chamado Cadoiro. Conta a lenda que no fondo deste pozo agóchase un gran tesouro gardado por tres bruxas; cuxas siluetas poden descubrirse na rocha das paredes circundantes.

A PORTA MÁXICA.

Conta a tradición que no encoro existe unha porta máxica oculta tralas súas impetuosas augas. Dise que está custodiada por meigas e aquel mozo que se atreva a atravesala romperá coa súa valentía o feitizo, sendo conducido ao fondo do río por estas temibles gardiás atopando nas profundidades a unha bela princesa encantada coa que poderá casar e posuír unha enorme fortuna.





Monte Pindo Monte Pindo Monte Pindo




Monte Pindo do

> ORIXE

FORMACIÓN DO MONTE PINDO E FERVENZA DO ÉZARO.

Hai uns 380 millóns de anos, cara o final do Devónico comeza a oroxenia Herciniana, ese longo proceso durante o cal todas as masas continentais comezan a xuntarse para constituír o que será un único continente, Panxea. Desencadéanse dobramentos, deformacións tectónicas, fusión de rochas e un rápido ascenso dos magmas graníticos. A historia xeolóxica do Monte Pindo ten a súa orixe durante este período xeolóxico.



MONTE PINDO
hai 290 millóns de anos




1. PALEOZOICO. (Permiano). Hai uns 290-280 millóns de anos.


A fase final da oroxenia herciniana culmina coa unión de todas as terras emerxidas e o peche do océano Reico. Os megacontinentes Laurasia e Godwana colisionan producíndose unha dobre subdución ao encaixarse baixo o microcontinente de Armórica, onde estaría situada a parte occidental de Galicia.

Como consecuencia acádanse elevadas temperaturas e a unha profundidade de máis de 24km prodúcese unha intrusión do magma granítico noutras rochas, o que orixina o nacemento do Monte Pindo.





MONTE PINDO
hai 245 millóns de anos



2. MESOZOICO.
Hai uns 245 millóns de anos.

Durante este período xérase unha fase erosiva que arrasa o relevo orixinado na oroxenia herciniana, chegando ata as raíces graníticas do Pindo e o macizo queda desenterrado. Ao longo do Mesozoico, o megacontinente Panxea fractúrase en varias placas tectónicas.

Esta rotura orixina as grandes liñas de fractura de dirección NE- SO e NNO-SSE, que cuarteian os macizos galegos e forman significativos sistemas de discontinuidades no Monte Pindo. Por estas fracturas ascenderán fluídos que xeran os diques de cuarzo e o xacemento de volframio de Chan de Lourenzo.


3. MESOZOICO. (Xurásico).
Hai uns 200 millóns de anos.

Durante o Xurásico ábrese o Océano Atlántico, o que supón a configuración dunha nova liña de costa, a Galicia occidental é bañada polo nacente océano.



Durante este proceso fórmanse os acantilados de intraplaca; o Pindo é un resto destes acantilados. Os ríos comezan a fluír cara o Atlántico, seguindo o sistema de fallas NE-SO.

4. MESOZOICO. (Cretáceo).
Hai uns 110 millóns de anos.


Comeza a erguerse a cordilleira Cántabro-Pirenaica, os ríos galegos encaixan e chegan ao mar. Comeza o proceso de escavación de vales que millóns de anos máis tarde formarán as rías galegas. O río Xallas non chegará a rematar a súa labor debido á dureza do granito; non conseguirá labrar unha ría pero a cambio déixanos a espectacular Fervenza do Ézaro.



MONTE PINDO
hai 200 millóns de anos



MONTE PINDO
hai 65 millóns de anos



5. TERCIARIO. (Paleoxeno).
Hai uns 65 millóns de anos.

Xerouse un evento que é quizais o máis relevante na evolución da paisaxe de Galicia. A placa Ibérica sitúase entre dúas placas tectónicas en choque: a placa eurasiática e a placa africana.

Este choque desencadea a Oroxenia Alpina, que orixinou en Galicia unha reactivación das fracturas hercinianas, provocando o levantamento de bloques que se viron afectados polos movementos tectónicos ao longo de todo o Terciario. Esta actividade elevou as serras de Galicia, que se corresponderían cos bloques levantados, sendo o Pindo un deles.


6. TERCIARIO. (Neoxeno).
Hai uns 20 millóns de anos.

Neste período orixínouse "a captura do Xallas", quedando establecida a configuración hidrográfica actual. Fórmase a plataforma periférica de Chan das Lamas.


7. CUATERNARIO. (Neoxeno).
Hai uns 2 millóns de anos.


O clima sofre cambios radicais alternándose períodos fríos (glaciarismo) con outros máis cálidos.

Durante esta etapa o nivel do mar varía considerablemente. Fai 200.000 anos a máxima altitude sitúase na ría de Muros. Comeza o micromodelado do granito. Poderíase dicir que fai uns 11.000 anos o relevo do Pindo sería practicamente como hoxe o coñecemos.



MONTE PINDO
hai 11.000 anos





> FORMACIÓNS ROCHOSAS

O macizo montañoso do Pindo álzase acadando os 627 m de altitude a escasos 2 km do mar. Esta mole granítica destaca polo espectacular modelado do seu relevo e pola súa tonalidade rosácea, dende o punto de vista xeolóxico é un “inselberg complexo” constituído por granodioritas biotíticas tardías.

A diversidade de macroformas graníticas que atesoura este xigante xera paisaxes surrealistas que espertan a imaxinación, as máis significativas son: os domos rochosos, os relevos en forma de castelos ou tors, as pedras cabaleiras e os pedregais; que xunto coas innumerables formas menores como gnammas (pías), tafoni, pseudobedding, poligonal cracking e pseudokarren crean este singular universo de pedra.

Toda esta abundancia e variedade das formas do relevo configura unha paisaxe de excepcional beleza e xeoloxicamente adquire un extraordinario valor, polo que está recoñecido como Punto de Interese Xeolóxico (PIX C-115) de Importancia Nacional.

FORMACIÓNS ANTROPOMORFAS E ZOOMORFAS.

O Monte Pindo é o lugar de Galicia onde se poden contemplar máis formacións deste tipo.

A MOA. (1)

É o punto máis elevado do Monte Pindo, considérase un resto da denominada Superficie Fundamental de Galicia, que se formou hai uns 60 Ma. Este impresionante domo con forma de cúpula ten unhas 200 pías.

TOR NO PEDRULLO. (2)

Estas formacións tan características, que parecen torres ou dentes de serra, puideron formarse durante os períodos fríos do Plistoceno. Os tors resultan da degradación dun domo e son relevos residuais de materiais de maior dureza e máis resistentes á erosión que os materiais que os rodean. Aquí están os restos do castelo de San Xurxo.

PICO PEÑAFIEL. (3)

O pico Peñañiel é un domo con forma de cúpula, cuxa erosión por exfoliación coñécese como proceso de meteorización en forma de capas de cebola. No cume estivo o castelo de Peñañiel e nas inmediacións hai unha excomuñón medieval labrada na pedra.

CHAN DAS LAMAS. (4)

Esta plataforma periférica emprazada a uns 200 m de altura formouse hai uns 20 Ma e é coetánea á captura do Xallas. Dende este enclave pode contemplarse unha imponente vista do macizo.

CASA DA XOANA. (5)

Esta cova de orixe estrutural, que atravesa de lado a lado a montaña, é outra das formacións xeolóxicas que confire a este macizo esa natureza misteriosa xeradora de tantas lendas.

CHAN DE LORENZO.


Esta macroforma cóncava, que se eleva 400 m sobre o nivel do mar, está considerada como un alvéolo de alteración. Tamén é coñecido como Chan da Mina pola antiga explotación de volframio que había nesta zona. Aquí atópase “O Xigante”.

O XIGANTE. (6)

Esta formación antropomorfa que parece unha gran escultura prehistórica é unha das máis emblemáticas do Monte Pindo.

OUTEIRO NARIS.

O relevo desta zona configura un conxunto de cumes dentadas formando un “castle kopje”. Nun dos picos adxacentes a Outeiro Naris está “O Coloso”, unha formación antropomorfa que polo seu tamaño, realismo e situación é unha das máis espectaculares.



> HISTORIA

O Monte Pindo aparece dende antigo en tecido documental, o que manifesta a súa importancia ao longo dos séculos, pero aínda son moitos os segredos que gardan estas pedras, restos da historia que aínda están por descubrir.

OS PRIMEIROS HABITANTES DO PINDO. (1)

O recente achado dun xacemento arqueolóxico sitúa ó home prehistórico no Monte Pindo. No interior dunha cova apareceron uns restos cerámicos do período eneolítico que evidencian a presenza de actividade ou ocupación humana. As características técnicas, formais e decorativas do achado sitúano dentro da tradición do vaso campaniforme, concretamente na primeira metade do II milenio A.C. Os restos atópanse no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón.

AS MURALLAS. (2)

No cume do Monte Pindo, sobreviven parte dunhas murallas ciclópeas que parecen clausurar os pasos, convertendo así á Moa nun gran recinto fortificado e dificilmente accesible. Hai hipóteses que apuntan que podería tratarse dun oppidum; esas grandes construcións defensivas dos séculos IV- VI. As murallas do Pindo poderían ser un daqueles Castella Tutiora (lugares seguros) que xa citaba Hidacio no seu Chronicon, e que tiñan unha función de refuxio para a poboación fronte os ataques e tamén como control das vías marítimas e terrestres.

O CASTELO DE PEÑAFIEL. (3)

Os restos do cume Peñafiel apuntan que aquí houbo unha antiga construción. De acordo coas fontes da época, un castelo que foi destruído polos Irmandiños. A falta de estudos arqueolóxicos non permite datacións, pero hai hipóteses que aseguran que tanto a estrutura como a situación estratéxica son claramente altomedievais. Aínda que a orixe desta fortaleza é incerta xa aparece en varios documentos medievais. No 1384 a mitra compostelá adquire unha serie de propiedades que pertencían aos herdeiros de Ruy Soga de Lobería, entre as que figuraba o Castelo de Peñafiel, polo que a súa construción é anterior a esta data.



1



2



3

PEÑAFIEL NO PREITO TABERA FONSECA.

A comezos do s.XVI o arcebispo de Compostela e o seu sucesor tiveron un litixio pola propiedade dos castelos da mitra compostelá, coñecido como "Preito Tabera-Fonseca". Nel recóllense as declaracións de anciáns que viron cos seus propios ollos moitos dos castelos derruídos polos lrmandiños; dalgúns deles xa non quedaba nada.

"... que lo que save hes que bido al dicho tiempo que dicho tiene el dicho castillo de Peñafiel que hes en el alfoz de Muros estando el testigo en el Hescaro quen es al pie de la sierra donde esta el dicho castillo e desde abajo bido el dicho castillo e que le parescia que tenia una barezica de casa pequena e su çerquecita e questaba muy alto en uno peñascos..."

A INSCRICIÓN DA EXCOMUÑÓN.

Ós pes do cumio Peñafiel hai unha misteriosa inscrición medieval na pedra que di así: "REIS OBISPOS PRESBITEROS TODOS POR PODERES RECIBIDOS DE DIOS EXCOMULGARON AQUÍ ESTE CASTILLO". A comezos do s.XII o arcebispo Xelmírez ordenou a excomuñón das terras dependentes dos castelos de San Xurxo, Traba e Ferraría. Esta pedra podería ser a testemuña deste episodio da historia, documentado na "Historia Compostelana", pero é unha incógnita o por qué da localización deste epígrafe neste lugar e non nun dos citados castelos.

O CASTELO DE SAN XURXO.

Este castelo rochoso construído sobre os afloramentos graníticos de "O Pedrullo" formaba parte dunha rede de castelos costeiros erixidos contra os ataques marítimos dos viquingos e sarracenos, que mandou levantar o bispo Sisnando II no s.X. O Castelo de San Xurxo aparece amplamente documentado ao longo da Idade Media. En varios documentos pódese apreciar cómo as doazóns se suceden, sendo un reflexo da inestabilidade da época.

No Tumbo de Sobrado consérvase un listado das vilas de reguengo adscritas á fortaleza de San Xurxo, onde se pode apreciar a importancia desta fortaleza polo amplo territorio vinculado a ela.

Ano 1028. Unha doazón real incorpora o castelo de San Xurxo, coñecido entón como Sant Jurgium, á santa sede.

Na "Historia Compostelana s.XII" relátanse os feitos que levaron á excomuñón do castelo de San Xurxo e o seu territorio.

> GUERRA CIVIL



" OS AGOCHADOS" DO MONTE PINDO.

Durante a Guerra Civil e a represión franquista moitos foron os que acudiron a refuxiarse nas covas do Monte Pindo; homes do Pindo, O Ézaro, O Fieiro e outras aldeas ligaron o seu destino ao abrigo da pedra, baixo o amparo do Olimpo Celta. Os máis maiores contan cómo practicamente todos os homes do Ézaro sobreviviron á guerra grazas ás "furnas", onde permaneceron agochados, como din algúns dos protagonistas desta terrible parte da historia: " todo o mundo tiña ao seu tío agochado no monte". Poucos son os que quedan para contar a historia, pero algúns aínda lembran os sinais que facían para comunicarse cos seus veciños; cómo as mulleres izaban unha especie de saba branca para avisar ós fuxidos de que non podían baixar ao pobo, que estaban os falanxistas. Esta é a historia dun pobo ligado a un monte, que lles deu protección nos tempos máis difíciles e, é tamén, unha historia de solidariedade e fraternidade entre veciños.

O BARCO DA LIBERDADE.

A situación dos "foucellas" do Pindo estíbese volvendo cada día máis complexa, pasara un ano dende o levantamento militar contra o goberno da República. Un ano no monte, un ano de dor, de ver ás súas familias "ás agochadas" e de temer por eles. O pan de cada día dos "fuxidos" era terrible, baixaban ás súas casas pero vivían co constante desasosego de ser descubertos. Os veciños apoiábanos, as familias agochaban comida nos lugares acordados, alguén gritaba "homes ó monte" cando aparecían as milicias, pero non podían continuar así moito máis tempo, era insostible. Como cada noite, no alto dos montes do Pindo uns mozos vixiaban o océano e entón viron a súa oportunidade: dous buques faenaban nas Illas Lobeiras. Un grupo de 12 homes do Pindo e O Ézaro baixaron do monte, negociaron co vixiante do porto para que se fora. Con dúas barcas chegaron ata o buque faenero "As", que foi tomado a punta de pistola e a súa tripulación obrigada a subir ó outro barco.

Covmo puideron foron roubando combustible para emprender a travesía e puxeron rumbo a Inglaterra, cara a ansiada liberdade. A súa viaxe rematou no porto de Bristol, onde atracaron entoando "La Internacional" e esperando asilo político. O goberno inglés repatriounos, deixándolles escoller a qué bando querían volver, á sublevada ou á república. Os 12 mozos volveron ó bando republicano onde combateron contra o exército sublevado de Franco. Sábese que un deles morreu en Mauthausen, no campo de concentración nazi do terror. Outro rematou nun campo de concentración francés e conseguiu embarcar no Winnipeg e exiliarse en Chile. Os pasos dos demais esvaeéronse e dalgúns non se volveu a saber nada.

> LENDAS

Cando a natureza se expresa nunha forma tan rotunda invade os corazóns dos homes; a maxia e a imaxinación dominan as leis da física. Os seres máxicos brotan do ventre da terra conquistando a materia e unha montaña é a sagrada morada dos deuses: O Monte Pindo, onde as lendas son unha antiga mirada que se pousa nas pedras, o latexo inmortal dos pobos primitivos.

O OLIMPO CELTA.

No acervo popular está instalada a crenza de que o Monte Pindo foi a morada dos deuses dos pobos antigos. Din que as Trebas celtas celebraban os seus rituais de adoración ós elementos e honraban os seus deuses na Moa, ese máxico lugar inspirador de respecto e admiración.

“A RAIÑA LUPA”.

Esta mítica raíña galega cuxa lenda está ligada á do Apóstolo Santiago aparece relatada no Códice Calixtino. A tradición popular conta que “A Raíña Lupa” habitaba un castelo no Monte Pindo, o castelo de San Xurxo. Din que trala súa morte foi soterrada xunto as murallas deste castelo. Outros afirman que esta raíña pagá foi sepultada baixo a “Laxe da Moa” con 7 millóns de ouro ós pes e outros 7 sobre a súa cabeza. Moitos son os que afirman que os “Guerreiros de Pedra” defenden os camiños de acceso a este rexio sepulcro.

“A CAMA DA FERTILIDADE”.

Na pena máis alta do cumio Peñafiel hai unha cama de pedra, onde as parellas estériles acudían a deitarse para ter descendencia. Parece que a natureza máxica deste altar á fecundidade axudaba ós namorados a concibir. Esta tradición pode estar relacionada con antigos ritos pagás, con cultos á fertilidade e coa crenza de que o Monte Pindo está bendicido cos poderes rexeneradores e curandeiros da natureza. Fray Martín Sarmiento recolle no seu libro “Viaxe a Galicia” esta tradición: “ ... *Din mil cousas do que hai dentro: que medra a herba da noite para á mañá, que hai infinitas herbas medicinais e moitas incógnitas, e que alí van a buscalas algúns médicos; que dentro son fecundísimos os animais, e oín que nalgúns tempos adoitaban ir ó Pindo os casados estériles e infecundos co fin de ter sucesión...*”

ANTIGOS RITUAIS DE SANACIÓN.

Na “Laxe de Abaixo” preto da Moa, levábase a cabo un ritual de curación. Contan que tendían os corpos dos enfermos riba da herba e trazaban a súa silueta, despois levantaban os terróns sobre os que estivera o enfermo e poñíanos ó sol sobre as pedras; a medida que ían secando producíase a curación.



A CASA DA XOANA OU REVERTEDEMOS.

Nun dos cumios máis inhóspitos do Pindo hai unha misteriosa cova que perfora as entrañas da terra atravesando o monte de lado a lado coñecido como “A Casa da Xoana” ou “Revertedemos”. Din que foi morada das bruxas e que na noite de San Xoán xuntábanse arredor da fogueira para festexar os seus ritos e invocar ao demo, despois saían voando para amedrentar á xente da comarca coas súas maldades. Outros contan que esta cova foi un forno crematorio, onde os antigos poboadores do Monte Pindo incineraban os cadáveres dos seus semellantes e que por iso non tiñan cemiterios.




Flora & Fauna Flora & Fauna Flora & Fauna Flora & Fauna



Flora & Fauna

> FLORA



FLORA DO MONTE PINDO E FERVENZA DO ÉZARO

Este espazo natural está incluído no LIC Carnota-Monte Pindo da Rede Natura 2000, pola súa biodiversidade e o valor ecolóxico das especies que alberga. Moitas delas están catalogadas de “interese especial”, ameazadas ou con algún grao de protección pola súa vulnerabilidade. No Monte Pindo e na Fervenza, conviven unha serie de “hábitats naturais de interese comunitario” protexidos pola Directiva de Hábitats da Unión Europea por estaren ameazados ou en perigo. Tamén hai varias especies endémicas ou de distribución moi reducida. O valor deste patrimonio natural vese incrementado pola presenza dalgúns especies que están en perigo de extinción e algunhas xoias naturais como *Quercus Lusitanica*. A vexetación está formada por un bosque mixto de pinos, carballos e loureiros; ameneiro, bidueiro, chopos negros, acivros e tamén se desenvolven matogueiras de toxo, xestas, matogueiras higrófilas como *Erica Tetralix* e *Erica Ciliaris*, landas e moitas especies de flores silvestres e feitas.

Lirio de Monte. (*Iris Boissieri*).

Endémico galaico-portugués. As súas principais poboacións atópanse nas Serras do Xurés e de Gerês. As outras dúas poboacións galegas coñecidas son as do Courel e as do Monte Pindo. A poboación presente no Monte Pindo é o límite norte de distribución da especie.

Hymenophyllum Tunbrigense.

Esta pequena feita é unha especie reliéctica do terciario, ten follas laminares case translúcidas con distribución no Oeste de Europa e na Macronesia. Medra en rochas silíceas, en lugares sombríos con elevada humidade, dende barrancos a zonas con arboredo, principalmente na Cornixa Cantábrica, sendo a poboación do Pindo a máis setentrional das peninsulares.

Carballo anano. (*Quercus lusitanica*). (1)

Esta especie de alto valor ecolóxico é un endemismo ibero-occidental norafricano en perigo de extinción. Aparece nunha soa localidade no territorio galego, nas ladeiras do Monte Pindo, que é o límite norte de distribución desta especie; o que supón unha singularidade bioxeográfica. Coexiste con outras especies de carballos como os *Quercus Robur* e *Quercus Pyrenaica*.

Rorella. (*Drosera rotundifolia*). (2)

Comunmente chamada Rorella. É unha especie de planta carnívora que se alimenta de insectos, atópase a miúdo en turbeiras, marismas e brañas. O seu comportamento carnívoro foi resultado da evolución para adaptarse ao seu hábitat, que é a miúdo pobre en nutrientes ou demasiado ácido, obtendo dos insectos nitratos e outros nutrientes necesarios.

Fento de Auga. (*Isoetes fluitans*).

É un endemismo estrito de Galicia. Planta acuática que é a xoia do Xallas, reproducése por esporas, vive mergullada e prefere leitos areosos e augas ben oxixenadas. As súas poboacións concéntranse soamente en dous núcleos, no río Miño e afluentes así como nos ríos que desembocan na Costa da Morte.

Acivro. (*Ilex aquifolium*).

Ten unha distribución europea atlántica e meridional sen penetrar demasiado ao interior do continente, formando parte do sotobosque. Este arbusto que frutifica en inverno, ten un gran valor ecolóxico por constituír unha boa fonte de alimento para moitas especies durante a estación máis dura. No Monte Pindo atópanse exemplares illados ou en compañía doutras especies como o loureiro e o bieiteiro.

Narciso Acampanado. (*Narcissus bulbocodium*). (3)

Narcissus Bulbocodium é unha especie protexida de narciso silvestre, endémica do noroeste peninsular. Esta pequena planta de flores grandes e amarelas medra en prados e pastos de montaña.

Esfagno de La Pylaie. (*Sphagnum pylaesii*).

As poboacións do Monte Pindo están moi preto ao límite meridional absoluto en Galicia. Especie de distribución anfiatlántica, presente nos territorios máis oceánicos das dúas marxes atlánticas setentrionais. En Europa distribúese pola Bretaña (NO de Francia) e polo NO da Península Ibérica.

Queiroa das Brañas. (*Erica tetralix*). (4)

É unha especie do xénero *Erica* ou Queiroa. Este subarbusto perenne ten acios de pequenas flores rosadas acampanadas e follas nas volutas de catro (daí o seu nome científico). O seu hábitat natural atópase nas áreas húmidas de Europa, principalmente na franxa atlántica occidental, dende a zona sur de Portugal ao centro de Noruega, e tamén en certas rexións pantanosas afastadas da costa de Europa Central.

> FAUNA

INVERTEBRADOS

Capricornio das Aciñeiras. (*Cerambyx cerdo*). (1)

Especie de distribución eurasiática, presente tamén no Norte de África e nalgunhas illas do Mediterráneo. É un coleóptero de gran tamaño, cuxa lonxitude varía entre 25 e 62 mm e con fortes mandíbulas; as antenas teñen once artellos. Especie xilófaga, relacionada con diferentes especies de *Quercus*, aínda que tamén está asociada a outro tipo de arboredo.

Caracol de Quimper. (*Elona quimperiana*). (2)

Este gasterópodo distribúese polo noroeste de Francia e o noroeste de España. Especie propia de zonas húmidas e sombrías; atópase en bosques caducifolios de carballos e castiñeiros. Aliméntase dos fungos que medran entre a follaxe ou baixo os madeiros mortos. A característica máis destacable é a súa cuncha aplanada e translúcida, cas espirais no mesmo plano e deseño con pintas escuras.

Lesma. (*Geomalacus Maculosus*).

Esta lesma co dorso pintado é de distribución atlántica e atópase no extremo suroccidental de Irlanda, Portugal e no noroeste de España.

Vacaloura. (*Lucanus cervus*). (3)

Distribúese por gran parte de Europa ata Rusia occidental. Na Península Ibérica localízase principalmente na metade setentrional. Esta especie de coleóptero escarabeiforme está asociada a bosques caducifolios, de cuxa madeira se alimentan as larvas. É o máis grande dos coleópteros ibéricos, pode superar os 80mm de lonxitude. Presenta un notable dimorfismo sexual; os machos teñen as mandíbulas máis desenvoltas, xa que as usan para a loita, a súa forma recorda aos cornos dun cervo, de aí o seu nome común. Forma parte dunha dieta alimentaria de numerosos depredadores.



ANFIBIOS/REPTILES

Sapiño Pinto. (*Discoglossus galganoi*). (1)

Endemismo ibérico cuxa distribución mundial abrangue Portugal e a metade occidental da Península Ibérica. Está presente sobre substratos silíceos ou metamórficos, en zonas abertas como praderías ou zonas aclaradas nas marxes de bosques. Este sapiño de pequeno tamaño de 45 a 75mm, presenta un característico fociño aguzado, a pel é lisa ou con pequenas granulacións de coloración moi variable, dende tonalidades pardas, verdosas, rosáceas ou case negras.

Lagarto das Silvas. (*Lacerta Schreiberi*). (2)

Especie endémica da Península Ibérica, de distribución noroccidental, común en bosques húmidos caducifolios de pinos, en landas e prados de montaña. Os machos adultos teñen o dorso verde punteado de negro e durante o celo adquiren unha coloración azul moi intensa na cabeza. Aliméntase dunha gran variedade de invertebrados que busca entre a vexetación e a follaxe.

Lagarta da Serra. (*Iberolacerta monticola*). (3)

Endemismo ibérico presente na metade occidental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central e Galicia. Emprega sempre rochas e ladeiras con matogueira como lugares preferentes. Pode chegar a medir entre 150 e 160mm. Ten o dorso castaño; nos machos é verde brillante cunha serie de manchas negras irregulares ao longo da columna vertebral. Aliméntase de insectos (escaravellos, formigas, bolboretas, larvas e arañas).

Cobra de escada. (*Rhinechis scalaris*). (4)

Distribúese pola Península Ibérica e o sueste de Francia. En Galicia concéntrase na metade sur; pola costa o Monte Pindo constitúe o límite setentrional desta especie. Este ofidio pode acadar unha lonxitude de 120cm, ten dúas liñas escuras paralelas que percorren lonxitudinalmente o seu corpo, os exemplares máis xoves presentan unhas bandas perpendiculares a esas liñas dorsais, o que lles dá aspecto de escaleira. Esta cazadora aliméntase de roedores, crías de aves e incluso crías de coello.

Saramaganta. (*Chioglossa lusitanica*). (5)

Endemismo do noroeste da Península Ibérica; é o único representante do seu xénero. Vive en hábitats montañosos ou con topografía accidentada e depende da presenza de regatos limpos. De corpo alongado, co dorso escuro e dúas raias pardo douradas que se unen na base da cola. Ten unha lingua que actúa a xeito de pinza coa que captura pequenas arañas, lesmas, coleópteros e outros insectos para alimentarse.



MAMÍFEROS

Morcego grande de Ferradura. (*Rhinolophus ferrumequinum*). (1)

Presente no sur da rexión Paleártica, o límite setentrional europeo atópase no sur de Gran Bretaña e o oriental en Grecia. Especie tipicamente cavernícola e gregaria, que forma colonias de ata novecentos individuos. O representante máis grande do xénero en Europa, ten uns repregamentos cutáneos nasais característicos que o diferencia dos seus conxéneres. O deseño das ás permite desenvolver un voo moi maniobrable que facilita a caza.

Londra. (*Lutra lutra*). (2)

É o único representante do xénero *Lutra* en Europa e no norte de África. A londra é un mamífero carnívoro que pertence á familia dos mustélidos. A súa pelaxe castaña é lustrosa e impermeable, cunha mancha máis clara na gorxa e a parte superior do peito. Posúe cinco dedos unidos por unha membrana interdixital. A súa dieta baséase en peixes, anfibios, cangrexos, réptiles e insectos. A presenza da londra nun río é un bo indicador sobre a pureza da auga.

Gato montés. (*Felis silvestris*). (3)

Esténdese dende Europa occidental ata o Cáucaso, na actualidade presenta unha área de distribución moi reducida. Este carnívoro aseméllase a un gato doméstico pero é máis corpulento e de maior tamaño, pode chegar a medir 68 cm, máis uns 21 a 35 cm do rabo e pesar ata 7kg. A pelaxe é gris parda, con raias escuras, sobre a cabeza ten catro bandas negras que converxen nunha liña lonxitudinal sobre o lombo. Rabo con dous ou tres aneis escuros e extremo negro. Fundamentalmente aliméntase de pequenos mamíferos e aves.

Lobo Ibérico. (*Canis lupus signatus*). (4)

O lobo ibérico é endémico da Península Ibérica. Historicamente distribuíase por toda a península, pero durante os últimos 100 anos sufriu unha persecución sistemática por parte do home, acadando o seu nivel mínimo na década dos 70. Actualmente as principais poboacións distribúense polas comunidades de Castela e León, Galicia, Cantabria e Asturias, namentres que ao sur do Douro a poboación é fráxil e está fragmentada e ameazada. Diferénciase do lobo europeo por unha serie de características físicas que lle deron o nome de "signatus" (sinalado), presenta unhas manchas brancas nas meixelas e marcas escuras na parte frontal das patas dianteiras. A cabeza é grande, as orellas triangulares e pequenas, os ollos oblicuos dunha característica cor amarelenta. Este depredador carnívoro aliméntase principalmente de grandes herbívoros e outros mamíferos de menor tamaño. Son gregarios, a femia e o macho alfa son os únicos que se reproducen na manda e os primeiros en comer.



AVES

Falcón Peregrino. (*Falco peregrinus*). (1)

Especie presente en case todos os continentes agás na Antártida. A súa distribución cingúese a costas acantiladas, áreas montañosas e vales fluviais con afloramentos rochosos aptos para criar. Rapaz diúrna de mediana envergadura, con ás longas e puntiagudas, ten un capuchón negro e unha bigoteira moi marcada sobre as meixelas brancas, destaca o anel ocular de cor amarela. Aliméntase de aves de tamaño medio, como patíños, gaivotas e pombas pero captura de vez en cando ratas, lebres, ratos e esquiós. Acada unha velocidade de cruceiro de 100 km/h, chegando a superar os 300 km/h cando realiza un ataque en picado; o que o converte nun dos animais máis rápidos do mundo.

Miñato Queimado. (*Milvus migrans*). (2)

Especie presente en Europa, Asia, África e Australia. En Europa, as súas poboacións son estivais, invernando fundamentalmente en África. En España só nidifica na península, en xeral prefire áreas non demasiado arboradas. Ave rapaz de tamaño medio, cunha silueta de voo estilizada e de ás longas e agudas. A coloración do corpo é marrón escuro coa cabeza e o pescozo máis claros. O Miñato Queimado é unha especie oportunista que aproveita un amplo espectro de recursos tróficos.

Papuxa montexa. (*Sylvia undata*). (3)

Especie de distribución europea, prefire as formacións arbustivas, sendo máis abundante atopala en landas e matogueiras. Este pequeno paxaro insectívoro ten o rabo moi longo, a plumaxe da cabeza e o dorso gris con tinguiduras marróns, e nas partes inferiores é de cor vermello viño; presenta un anel ocular avermellado.

Bufo Pequeno. (*Asio otus*). (4)

Distribúese por toda Europa e a maior parte de Asia, presente tamén no norte de Marrocos. É unha especie basicamente forestal, de media montaña, pero non é raro atopala en paisaxes abertos e ambientes onde abundan os pequenos mamíferos. Rapaz nocturna de tamaño medio, ten plumas erguidas sobre a cabeza simulando orellas e os ollos de cor alaranxada. Adopta posturas miméticas nas pólas das árbores, onde durme durante o día. Presenta unhas longas ás, cunha morfoloxía especial de plumas de voo que permiten que se movan sen facer ningún ruído. Aliméntase de roedores, musarañas ou aves, entre outros pequenos animais.



RUTA FERVENZA E MIRADOIRO DO ÉZARO

- > **Lonxitude do trazado** 4.250 m (+/-)
- > **Pendente media** 17 %
- > **Cota de inicio** 20 msnm
- > **Cota de fin** 260 msnm
- > **Desnivel** 240 m
- > **Dificultade** Media
- > **Duración** 2:00 h (ida)



Ruta para coñecer a vila do Ézaro, o seu máxico **encoro** e o seu mítico miradoiro. Penetraremos no seu monte para deleitarnos con múltiples muíños, como o **"Muíño de Louredo"**, magnificamente reconstruído. Xa na costa, teremos a oportunidade de gozar da hipnotizadora desembocadura do Río Xallas e o seu encoro. E, como final da ruta, poderemos contemplar unha impresionante posta de sol no miradoiro do Atlántico, o **"Miradoiro do Ézaro"**.

R1

RUTA PEGADAS DA HISTORIA

- > **Lonxitude do trazado** 3.900 m (+/-)
- > **Pendente media** 7 %
- > **Cota de inicio** 290 msnm
- > **Cota de fin** 628 msnm
- > **Desnivel** 338 m
- > **Dificultade** Baixa / Media
- > **Duración** 1:30 h (ida)



Esta ruta que transcorre pola cara leste do macizo é a máis doada para ascender á Moa: ao chegar ó cumo a visión do océano é repentina e sorprendente.

Comezamos na aldea do Fieiro e ascendemos por unha pista forestal ata entrar no monte por sendeiros empedrados. Seguindo coa ascensión chégase ó **"Alto das Cortes"**, onde poderemos contemplar unha panorámica da Praia de Carnota. Proseguimos atravesando os restos das antigas murallas e unha zona de pasto de cabalos salvaxes xa próximos ó cumo.

R2



RUTA CASTELO DE PEÑAFIEL

R3

> Lonxitude do trazado	4.500 m (+/-)
> Pendente media	10 %
> Cota de inicio	290 msnm
> Cota de fin	628 msnm
> Desnivel	338 m
> Dificultade	Alta
> Duración	2:30 h (ida)



Comezamos na aldea do Fieiro descendendo por unha pista forestal ata entrar no monte por sendeiros empedrados. Ascendemos ata a base do pico Peñafiel, onde se alzaba o **“Castelo de Peñafiel”**, e no seu cume atópase **“a cama da fertilidade”**, onde acudían os matrimonios estériles para teren descendencia. Nunha desviación da ruta atópase unha das formacións naturais máis colosais, **“A cova da Xoana”**, empregada no seu día como crematorio. Seguimos a ascensión ata unir coa **Ruta 4** na base da Moa.

RUTA CAMIÑO DO CASTELO DO PEDRULLO

R5

> Lonxitude do trazado	6.900 m (+/-)
> Pendente media	12 %
> Cota de inicio	15 msnm
> Cota de fin	628 msnm
> Desnivel	613 m
> Dificultade	Media / Alta
> Duración	2: 30 h (ida)



Comezaremos o itinerario que nos guiará ata a **“Moa”** dende a pintoresca aldea de Vadebois, onde ten lugar a peculiar **“Ruta dos Muíños”**, onde se observa o **“Muíño da Ponte”**. Atravesamos polo Chan das Lamas desde onde podemos contemplar a gran magnitude do Monte Pindo. Seguindo a sinalización existente chegamos ao **“Pedrullo”**, aquí enlazamos coa **Ruta 4** e o camiño comeza a ser máis duro e ascendente.

RUTA DAS OLLADAS Ó ATLÁNTICO

R4

> Lonxitude do trazado	4.100 m (+/-)
> Pendente media	14 %
> Cota de inicio	5 msnm
> Cota de fin	628 msnm
> Desnivel	623 m
> Dificultade	Media / Alta
> Duración	2 h (ida)



Comeza na praza da igrexa do **Pindo**; axiña atoparemos numerosos muíños de auga e unha cova que foi o refuxio dos escapados da Guerra Civil. Seguimos ata **“O Pedrullo”**, onde se poden observar os restos das murallas que circundaban a antiga fortaleza.

Proseguimos ata chegar ó **“Chan de Lorenzo”**, onde se atopa **“O Xigante”** e o que queda dunha explotación de volframio. Desde este lugar xa poderemos divisar o cume da **“Moa”**.

Simbología



Punto de Información Turístico



Murallas



CIR Monte Pindo e Fervenza do Ézaro



Xigante da Mina



Paisaxe / Miradoiro



Fervenza do Ézaro



Cova



Praia



Castelo / Ruínas



www.cirmontepindo.com



www.cirmontepindo.com

CIR MONTE PINDO
E FERVENZA
DO ÉZARO



Concello de Dumbría
www.dumbria.com



Deputación
DA CORUÑA